



CONDICIÓNS PARTICULARES DO SERVIZO CONECTA RURAL

1.- CONDICIÓNS PARTICULARES E A SÚA ACEPTACIÓN

1.1.- Obxecto

As Condicións Particulares descritas a continuación (en diante, as "Condicións Particulares") regulan as relacións contractuais entre TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. (en diante, "MOVISTAR") con CIF núm. A-82018474, domiciliada en Madrid, na rúa Gran Vía 28, 28013 de Madrid, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao tomo 13.170; libro 0; sección 8ª; folla M-213.180, e o CLIENTE (en diante, o "CLIENTE"), en todo o relativo á prestación do servizo Conecta Rural, (en diante, o "Servizo").

1.2.- A aceptación das Condicións Particulares.

A aceptación, sen reservas, das presentes Condicións Particulares devén indispensable para a prestación do Servizo por parte de MOVISTAR. O CLIENTE manifesta, en tal sentido, ter lido, entendido e aceptado as presentes Condicións Particulares, postas á súa disposición, en todo momento, con carácter previo á contratación, na seguinte páxina Web:<http://www.movistar.es/contratos>.

1.3.- Vinculación coas condicións do servizo fixo Movistar

As Condicións Xerais (i) do Contrato tipo de abono xeral ao servizo telefónico dispoñible ao público para usuarios finais, e (ii) as do servizo Movistar Internet Radio, que constan publicadas en www.movistar.es/contratos, completan ás presentes Condicións Particulares en todo o non previsto nas mesmas.

2.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

2.1.- Prestacións do Servizo.

O servizo Movistar Conecta Rural é unha modalidade do Servizo Movistar Internet Radio consistente en dotar ao CLIENTE dun servizo de banda larga fixa prestado a través de redes móbiles. A conexión ofrecida a través da rede móbil de Movistar, permite unha velocidade nominal global de datos en sentido descendente de 30 Mbps e unha velocidade ascendente de até 800 Kbps, cunha franquía de 40GB ao mes.



MOVISTAR deberá satisfacer toda solicitude de conexión inicial do Servizo dentro dos 15 días naturais seguintes á data de recepción da mesma, prazo que podería ampliarse ata un máximo de 60 días naturais desde a petición do servizo para determinadas zonas territoriais, sempre que exista dispoñibilidade técnica, salvo que mediasen impedimentos de forza maior ou imputables ao solicitante. MOVISTAR confirmará ao CLIENTE a dispoñibilidade técnica de prestación do Servizo antes da contratación do mesmo.

Non obstante o anterior, no caso de que existan determinadas causas sobrevidas, tales como necesidade de execución de obras adicionais, licenzas de terceiros, ou simplemente incrementos puntuais de demanda en determinados ciclos, o prazo de conexión inicial podería estenderse, situación na que MOVISTAR informaría ao CLIENTE desa circunstancia.

Así mesmo, MOVISTAR informará ao CLIENTE, antes da contratación do mesmo, dos factores relevantes que limitan a velocidade efectiva que pode experimentar o usuario, diferenciando aqueles sobre os que ten control o operador dos alleos ao mesmo.

2.2. Velocidades do Servizo

A velocidade máxima esperada do Servizo está suxeita a dispoñibilidade de cobertura da rede Movistar e ás características soportadas polo dispositivo de acceso á rede móbil, segundo se indica a continuación:

- A cobertura dispoñible será 2G, 3G ou 4G, segundo sexa a tecnoloxía do acceso radio utilizada pola rede Movistar nos seus diferentes emprazamentos e dependendo de se o CLIENTE final ten o seu domicilio nunha das entidades de poboación que a Administración identificou como responsabilidade de Movistar, en cumprimento da Orde ECE/1166/2018, de 29 de outubro, pola que se aproba o Plan para proporcionar cobertura ao acceso a servizos de banda larga a velocidade de 30 Mbps ou superior, a executar polos operadores titulares de concesións demaniais na banda de 800 Mhz;
- Dependendo da intensidade de sinal recibido e da actividade doutros usuarios próximos, a velocidade real da conexión podería flutuar por debaixo da velocidade nominal do servizo;
- A tecnoloxía soportada polo equipo de acceso á rede móbil determina o tipo de cobertura á que cada dispositivo pode conectarse. Os dispositivos utilizados poden ser compatibles coas tecnoloxías 2G, 3G e 4G. Ademais, poden limitar a máxima velocidade alcanzada polo Usuario en función das súas especificacións técnicas.



Movistar comprométese a tentar dar a máxima velocidade posible en cada momento de acordo á normativa aplicable. Actualmente, neste servizo poder esperarse unha velocidade nominal en 4G de 30 Mbps en baixada e de 0,8 Mbps en subida cunhas condicións de rede adecuadas.

A velocidade da navegación indicada é sempre a velocidade máxima do servizo en condicións ideais, e esta depende de varios factores: a zona de cobertura, da aplicación e da situación de carga da rede.

A tecnoloxía 2G constitúena os equipos de rede e dispositivos compatibles co estándar GSM/GPRS e a súa evolución EDGE. Á súa vez, a tecnoloxía 3G está baseada nas especificacións do sistema UMTS e as melloras incorporadas por HSPA. Por último, a cuarta xeración da telefonía móbil ou 4G está baseada na tecnoloxía LTE e a súa evolución.

Todas elas son tecnoloxías especificadas polos organismos competentes de estandarización internacional. En 4G espérase dispor da máxima velocidade teórica dispoñible en cada momento segundo a situación de rede no emprazamento de que se trate. A velocidade nominal esperada para o servizo é de 30 Mbps de baixada e de até 0,8 Mbps de subida cunhas condicións de rede adecuadas.

O servizo ofrecerase indistintamente sobre tecnoloxía 3G ou 4G, segundo as condicións indicadas anteriormente.

2.3. Medidas de xestión do tráfico

Coa finalidade de asegurar que todos os clientes e usuarios do Servizo dispoñen dun servizo óptimo e de calidade aínda nas situacións máis difíciles, mesmo en zonas illadas, MOVISTAR, ao utilizarse un medio compartido, porá todos os medios ao seu alcance para previr usos fraudulentos e abusos por parte dos clientes, non podéndose utilizar o Servizo de maneira que interfira co uso doutro cliente ou que impacte nos recursos de rede de forma desproporcionada, polo que, sen prexuízo de calquera outros que igualmente produzan os mesmos efectos, non se permitirá o uso do Servizo a clientes que realicen:

- Envío de mensaxes de spam, enviados de forma masiva e continuada, e que prexudiquen a outros usuarios.
- Extracción da tarxeta SIM para un uso fóra do equipo proporcionado por Movistar.
- Uso do servizo fóra do lugar de instalación inicial, que está cuberto co mantemento do equipo que é propiedade de Movistar.
- Manipulación da antena ou de calquera dos elementos instalados polo técnico no domicilio do cliente, sen a autorización expresa de MOVISTAR.



Polos motivos anteriormente indicados e para favorecer un uso equitativo e equilibrado da rede entre os usuarios, MOVISTAR resérvase o dereito a modular a velocidade de conexión a aqueles clientes que estean a realizar un uso elevado de datos en zonas onde a rede se atope saturada experimentando alta carga, ou en risco diso, para evitar a inminente conxestión da rede e mitigar os efectos de conxestións da rede excepcionais ou temporais, aínda que en todo momento o CLIENTE manterá o acceso ao servizo, vendo nestes casos reducida a súa velocidade, sen que en ningún caso esta sexa inferior a 1 MB, e sen ningún custo adicional. A estes efectos, Movistar considerará un “uso elevado de datos” os consumos que superen 40GB ao mes. O servizo restablecerá as condicións iniciais de velocidade o día 18 de cada mes, momento a partir do cal se iniciará un novo período.

2.4.- Factores limitadores da velocidade.

MOVISTAR informa ao CLIENTE que os factores relevantes que poden limitar a velocidade efectiva que poderá experimentar, tanto sobre os que o operador ten control como aqueles alleos ao mesmo, figuran nas Condicións do servizo Movistar Internet Radio, dispoñible en todo momento en www.movistar.es/contratos.

2.5.- Equipamento para a prestación do Servizo.

MOVISTAR proporcionará o equipamento necesario para a prestación do Servizo. Este equipamento inclúe:

- Módem/Router para prestación do Servizo por acceso radioeléctrico vía radio.
- Antena de media ganancia, con instalación incluída.

O Módem/Router anteriormente citado ofrecéese en réxime de alugueiro, sendo propietario deste en todo momento MOVISTAR. O CLIENTE ten a obriga de darlle un correcto uso. As condicións de contratación e funcionamento do equipamento en réxime de alugueiro rexeranse polas condicións que regulen ese alugueiro publicadas en www.movistar.es/contratos.

Ao remate do presente contrato, por calquera das causas previstas na cláusula 1004, o CLIENTE obrígase a devolver o Router asociado ao Servizo dentro dos quince días naturais seguintes á resolución do contrato, de acordo co procedemento que se lle indicará chamando ao 1004, ao 1489 de Resposta Profesional ou ao indicado en www.movistar.es/importes.

No caso de que o Cliente non proceda á devolución do Router no prazo indicado ou en caso de que o Router presentase algún tipo de avaría ou dano que exceda do só efecto do uso, faltase algún dos seus compoñentes ou non se axustase enteiramente ao



modelo provisto por MOVISTAR, esta facturará en concepto de penalización ao cliente o prezo correspondente ao devandito Router, considerando a súa antigüidade.

Quedan excluídos do equipamento todos aqueles elementos que sexan accesorios como extensións de cableado, instalación de antenas, rosetas ou calquera outro elemento que non sexa necesario para a correcta prestación do servizo. A baixa do servizo de internet mantendo a liña individual require do uso do Router, polo que nestes casos non é necesaria a devolución do mesmo.

2.6.- Servizo de Mantemento.

MOVISTAR pon a disposición do CLIENTE o Servizo de Mantemento en virtude do que virá obrigada a reparar as avarías que se produzan nas súas instalacións ata o Punto de Terminación de Rede en casa do abonado.

O CLIENTE notificará as avarías ao número gratuíto de atención comercial (1004) ou ao Centro de Atención de Técnica que se atende a través do número 1002. No mesmo momento de formular a avaría, facilitarase ao CLIENTE o número de referencia da mesma.

Así mesmo, o CLIENTE poderá notificar as avarías a través da páxina web de MOVISTAR <http://www.movistar.es>

Os custos derivados da reparación de avarías, serán sufragados por MOVISTAR, sempre que as mesmas non sexan imputables ao CLIENTE por negligencia de uso ou de conservación ou por actuacións dolosas ou culposas, tanto sobre a rede como sobre os seus equipos.

Nos demais casos, MOVISTAR só prestará o Servizo de Mantemento no domicilio a solicitude do CLIENTE e mediante o pagamento do prezo establecido que figura na listaxe de prezos que MOVISTAR publica na seguinte URL: <http://www.movistar.es>.

O mantemento do Acceso ADSL e da Terminación subministrada está incluído no presente Servizo.

Non forman parte do Servizo de Mantemento incluído nas presentes Condicións Particulares, os Equipos (Tarxetas, Equipos informáticos, etc.) que o CLIENTE conecte ao Punto de Terminación de Rede (PTR), Punto onde termina a rede que dá soporte ao Servizo prestado por MOVISTAR.

MOVISTAR non asumirá os compromisos de reparación establecidos neste contrato cando a avaría sexa producida nos medios de transmisión que transitan pola Infraestrutura de Rede Comunitaria (propiedade da Comunidade de Propietarios) e



non exista un contrato específico de mantemento con MOVISTAR para esa infraestrutura, debendo informar ao CLIENTE desta circunstancia.

O CLIENTE obrígase, previa solicitude e unha vez concertada a cita correspondente, a autorizar expresamente a MOVISTAR, ao seu persoal debidamente identificado ou ao servizo técnico que MOVISTAR designe ao efecto, a acceder ás instalacións e equipos informáticos en que se atope instalada a conexión aos servizos coa finalidade de proceder á prestación dos servizos de Instalación ou de Resolución de incidencias e á realización das operacións de mantemento que, a xuízo de MOVISTAR, resulten necesarias e, en caso de terminación do Contrato, coa finalidade de proceder á retirada da instalación que permite a conexión aos servizos.

O CLIENTE disporá das opcións adicionais do Servizo que se atopen publicadas en <http://www.movistar.es>.

3.- INICIO E DURACIÓN

As presentes Condicións entran en vigor na data da súa contratación ou o día da alta efectiva dos servizos que a integran. O Acordo entre MOVISTAR e o CLIENTE terá unha duración indefinida.

4.- PREZO FACTURACIÓN E PAGAMENTO

O CLIENTE asume as seguintes obrigas:

4.1.- Prezo do Servizo.

Como contraprestación polo Servizo o CLIENTE virá obrigado a satisfacer o prezo correspondente a cada modalidade de conformidade cos prezos que figuran no Anexo I.

4.2.- Facturación e Pagamento.

- (i) A facturación polos servizos prestados realizarase con carácter mensual.
- (ii) O pagamento correspondente ao Servizo será esixible desde o momento en que se presente ao cobramento a factura correspondente e realizarase a través da conta do CLIENTE na Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros que para tal efecto sinale ou, en todo caso, en lugar habilitado por MOVISTAR, á súa presentación ao cobramento, que constará expresamente no aviso de pagamento enviado ao



CLIENTE. Na factura identificarase o período no que se poderá realizar o pagamento.

- (iii) Na primeira factura emitida conforme ao disposto na presente cláusula incluírase o importe correspondente á cota de alta e, no seu caso, o importe do Equipamento que se incorpore ao Servizo. A primeira cota será rateada en función da data de entrada en vigor do Servizo.
- (iv) A contratación deste servizo implica que o CLIENTE acepta recibir a correspondente factura en formato electrónico, malia o seu dereito a optar pola factura en papel na contratación. Esta aceptación implica estender a facturación en formato electrónico, así mesmo, a todos os produtos de Movistar Fijo que o CLIENTE contratara ou contrate con posterioridade con Telefónica de España, S.A.U.
- (v) Sen prexuízo do anterior, o CLIENTE poderá escoller, en calquera momento, a recepción da factura en formato papel solicitándoo mediante unha chamada ao Número de Atención Persoal 1004 ou ao 900.10.10.10 de Resposta Profesional.

Nas facturas que inclúan importes correspondentes a servizos que non sexan de comunicacións electrónicas, MOVISTAR efectuará o desglose de maneira que poida identificarse o importe correspondente ao servizo ou servizos de comunicacións electrónicas.

5.- MODIFICACIÓNS DO SERVIZO

O Cliente comprométese a comunicar a Movistar calquera cambio nos datos do contrato, especialmente nos correspondentes ao domicilio de facturación e da conta bancaria de domiciliación dos pagamentos.

Movistar, co único fin de restablecer o equilibrio das prestacións entre as Partes, poderá modificar as condicións establecidas no contrato e en particular o prezo do mesmo, por algún dos seguintes motivos cando os mesmos obedezan a situacións acaecidas nun momento posterior á fixación das tarifas do Servizo por parte de Movistar:

- Incremento dos custos do sector empresarial no que estea presente Movistar e que redunden na cobertura, na calidade da rede ou nas características do Servizo prestado.
- Modificacións normativas (incluídos impostos, taxas ou resolucións administrativas ou xudiciais) que afecten ás condicións de prestación do Servizo.



- Incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) ou, no seu lugar, do índice de prezos Industriais (IPRI).

Movistar informará ao cliente de calquera modificación con indicación do motivo preciso ao que obedece cunha antelación mínima DUN (1) mes á data en que a modificación vaia ser efectiva, tendo o cliente dereito a resolver o contrato sen penalización algunha, sen prexuízo doutros compromisos adquiridos polo propio cliente. Transcorrido o prazo dun mes sen que Movistar recibira ningunha comunicación, entenderase que o Cliente acepta as modificacións.

6. USO CORRECTO DOS SERVICIOS.

6.1.- O CLIENTE comprométese a realizar un uso razoable dos servizos e prestacións que comprende o Servizo, así como de calquera outros servizos conexas que MOVISTAR lle preste. O CLIENTE será responsable fronte a MOVISTAR de calquera uso distinto do anterior que poida causar un dano ou prexuízo a MOVISTAR ou a terceiros e, en particular, de calquera uso dos servizos de MOVISTAR cunha finalidade que difira das comunicacións de carácter estritamente persoal, no caso de clientes particulares.

En todos os casos en que se producise un uso indebido ou alleo á finalidade de comunicación particular prevista para o Servizo, MOVISTAR resérvase o dereito, tanto á suspensión ou interrupción definitiva do Servizo, (podendo, se así o decidise, supeditar o restablecemento do mesmo á achega por parte do CLIENTE das garantías solicitadas por MOVISTAR), como ao cobramento do tráfico que se producise fóra do uso debido do Servizo, sendo nese caso tarificado ao prezo estándar de pagamento por uso, vixente en cada momento, segundo o Catálogo de prezos de Telefónica de España, S.A.U., publicado e dispoñible, perfectamente actualizado para a súa consulta, na páxina web www.movistar.es, sen que neses casos poida ser de aplicación redución algunha de prezo ou calquera outra promoción, franquía de tráfico ou módulo de aforro que implique unha diminución do prezo de calquera servizo actual ou futuro.

Á marxe do anterior, e igualmente dado un uso indebido do servizo segundo o descrito, en previsión de futuros usos semellantes, MOVISTAR resérvase así mesmo a posibilidade de asignar ao CLIENTE, previa comunicación ao mesmo, a modalidade de tarifa máis acorde cos patróns de uso manifestados e sen prexuízo de calquera outra que este poida considerar máis conveniente de entre as dispoñibles comercialmente.

6.2.- O CLIENTE comprométese a utilizar o Servizo de conformidade coa lei, a moral, os bos costumes xeralmente aceptados e a orde pública, así como a absterse de utilizar o Servizo e/ou os demais servizos con fins ou efectos ilícitos, prohibidos nas presentes Condicións Xerais, lesivos dos dereitos e intereses de terceiros, ou que de calquera forma poidan danar, inutilizar, sobrecargar ou deteriorar os servizos, os equipos informáticos doutros CLIENTES ou doutros usuarios de Internet (hardware e



software) así como os documentos, arquivos e toda clase de contidos almacenados nos seus equipos informáticos (hacking), ou impedir a normal utilización ou goce deses Servizos, equipos informáticos e documentos, arquivos e contidos por parte dos demais CLIENTES e doutros usuarios de Internet.

Os CLIENTES prexudicados por esas prácticas poderán comunicalo a MOVISTAR a través do enderezo abuse@movistar.es ou a través do formulario que se habilita en <http://www.movistar.es/nemesys>.

Así mesmo, a utilización do Servizo poderá exclusivamente destinarse ao ámbito profesional ou privado e para uso exclusivo no domicilio que o CLIENTE indicara para a provisión do Servizo.

O Servizo préstase desde unha localización fixa, polo que queda expresamente prohibido o uso do Servizo fóra do domicilio para o cal o CLIENTE o contratou e onde se levou a cabo a instalación por parte de Movistar.

Igualmente, quedan expresamente prohibidos os actos de revenda ou comercialización do Servizo a terceiros alleos á prestación do Servizo ou, en calquera caso, compartir recursos fóra do domicilio para o que solicitara a provisión do Servizo ou sendo o CLIENTE unha Comunidade de Propietarios, fóra das zonas comúns.

O CLIENTE será responsable fronte a MOVISTAR do uso incorrecto dos servizos contratados.

6.2.1.- Copias do Software proporcionado co Servizo.

O CLIENTE só poderá realizar unha única copia do Software e só para a súa instalación no disco duro do equipo informático desde o que se estableza a conexión co Servizo.

O CLIENTE absterase de efectuar ningunha outra copia do Software, de enviar copias do Software a terceiros ou pór o Software a disposición de terceiros por calquera medio, así como tamén se absterá de utilizar o Software cunha finalidade distinta da prevista nestas Condicións Xerais, obrigándose o CLIENTE a desfacerse da copia ou copias do Programa que obren no seu poder unha vez finalizado o presente Contrato.

6.2.2.- Uso correcto dos contidos.

6.2.2.1. - Transmisión, difusión e posta a disposición de terceiros de contidos.

O CLIENTE obrígase a facer un uso do Servizo, así como de calquera informacións, mensaxes, gráficos, debuxos, arquivos de son e/ou imaxe, fotografías, gravacións, software e, en xeral, calquera clase de material obtidos, transmitidos, difundidos ou postos a disposición a través do CLIENTE ou terceiros (en diante, "os Contidos"),



conforme á lei, ás presentes Condicións Xerais, á moral e aos bos costumes xeralmente aceptados, e á orde pública.

A título meramente indicativo, o CLIENTE comprométese a non usar, transmitir, difundir ou pór a disposición de terceiros a través dos servizos do portal os "Contidos" que (a) de calquera forma sexan contrarios a, menosprezen ou atenten contra os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas constitucionalmente, nos tratados internacionais e no resto do ordenamento xurídico; (b) induzan, inciten ou promovan actuacións delituosas, denigratorias, difamatorias, infamantes, violentas ou, en xeral, contrarias á lei, á moral e bos costumes xeralmente aceptados ou á orde pública; (c) induzan, inciten ou promovan actuacións, actitudes ou pensamentos discriminatorios por razón de sexo, raza, relixión, crenzas, idade ou condición; (d) incorporen, poñan a disposición ou permitan acceder a produtos, elementos, mensaxes e/ou servizos delituosos, violentos, pornográficos, degradantes ou, en xeral, contrarios á lei, á moral e bos costumes xeralmente aceptados ou á orde pública; (e) induzan ou poidan inducir a un estado inaceptable de ansiedade ou temor; (f) induzan ou inciten a involucrarse en prácticas perigosas, de risco ou nocivas para a saúde e o equilibrio psíquico; (g) sexan falsos, ambiguos, inexactos, esaxerados ou extemporáneos, de forma que poidan inducir a erro sobre o seu obxecto ou sobre as intencións ou propósitos do comunicante; (h) se atopen protexidos por calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial pertencentes a terceiros, sen que o CLIENTE obtivera previamente dos seus titulares a autorización necesaria para levar a cabo o uso que efectúa ou pretende efectuar ou que se efectúe; (i) contivesen un "copyright" ou demais datos identificativos dos dereitos ou dispositivos técnicos de protección, pegadas dixitais ou calquera mecanismos de información que foran obxecto de supresión ou manipulación; (k) violen os segredos empresariais de terceiros; (l) sexan contrarios ao dereito á honra, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas; (m) infrinxan a normativa sobre segredo das comunicacións; (n) constitúan publicidade ilícita, enganosa ou desleal e, en xeral, que constitúan competencia desleal; (ñ) incorporen virus ou outros elementos físicos ou electrónicos que poidan danar ou impedir o normal funcionamento da rede, do sistema ou de equipos informáticos (hardware e software) de terceiros ou que poidan danar os documentos electrónicos e arquivos almacenados neses equipos informáticos; (o) polas súas características (tales como extensión, formato, etc.) dificulten o normal funcionamento do servizo; (p) que fagan apoloxía do terrorismo, xenocidio e teorías revisionistas.

MOVISTAR non ten obrigaón de controlar e non controla o contido e natureza dos Contidos transmitidos, difundidos ou postos a disposición de terceiros polos CLIENTES. Non obstante, MOVISTAR resérvase o dereito a revisar, dentro dos límites legais, en calquera momento e sen previo aviso, por propia iniciativa ou a petición de terceiro, os Contidos transmitidos, difundidos ou postos a disposición de terceiros polos CLIENTES e a adoptar as medidas necesarias dirixidas a impedir a súa



transmisión, difusión ou posta a disposición de terceiros cando existan causas xustificadas.

7. OUTRAS CONDICIÓN S

A este Contrato tamén lle son de aplicación as seguintes condicións, postas á súa disposición en todo momento nas seguintes páxinas web:

- Contrato de Abono Xeral ao Servizo Telefónico Fixo
movistar.es/rpmm/estaticos/residencial/fijo/lineas-individuales/contratos/contrato-abonogeneral-serviciotelefonicofijo.pdf
- Condicións Xerais do Servizo Movistar Internet Radio
movistar.es/rpmm/estaticos/residencial/fijo/banda-ancha-adsl/contratos/condiciones-generales-del-servicio-movistar-internet-radio.pdf
- Información sobre o exercicio do dereito de desistencia
movistar.es/contratos/derechodesistimiento

ANEXO I.- PREZO DO SERVIZO MOVISTAR CONECTA RURAL

	Cota de alta, instalación e adecuación á rede	Cota mensual
Movistar Conecta Rural ^{(1) (2) (3) (4)}	119,8347 € (145,00 € 21% IVE incluído)	53,7190€ (65,00 € 21% IVE incluído)

(1) Inclúe Tarifa Plana Nacional para chamadas interpersoais con orixe e destino teléfonos fixos nacionais, quedando excluídas da Tarifa Plana as chamadas dirixidas a números de tarifas especiais (902, 901, 060, 0XY, 118AB..., entre outros), destinos móbiles nacionais, numeracións internacionais, así como numeracións de tarificación adicional (905, 80X), internacionais e servizos Premium.

(2) inclúe a cota da Liña Individual.

(3) Inclúe conexión a internet de Banda Larga fixa cunha velocidade nominal de 30 Mb de velocidade en sentido descendente e de ata 800 Kbps en sentido ascendente, nos termos expresados no seguinte contrato.



(4) A cota de alta, instalación e adecuación á rede, inclúe a instalación da antena e resto de equipamento (o router ofrécese en alugueiro nos termos indicados no presente contrato).

As chamadas desde fixo dirixidas a destinos móbiles nacionais que excedan a franquía que inclúa, no seu caso, o produto contratado terán o seguinte custo: establecemento de chamada: 0,2892 €, (0,35 € IVE incluído) e prezo por minuto: 0,2066 € (0,25 € IVE incluído).

OBSERVACIÓNS

- Ao anterior prezo sen IVE seranlle de aplicación os impostos indirectos correspondentes de Canarias (IXIC) e de Ceuta e Melilla (IPSI). En Península e Baleares aplica o IVE 21%, en Ceuta IPSI 10%, en Melilla IPSI 8% e en Canarias IXIC 7%. A alta inclúe a activación e instalación do Servizo.
- Os prezos de cablaxe interno e microfiltros, así como as distintas Opcións Adicionais ao Servizo serán facturados conforme á oferta que en cada momento figure na seguinte URL: www.movistar.es